

## NOTA DE PRENSA

### **O CD “*Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya*” chega aos colexios de Santiago e do seu contorno**

### **Búscase que os máis novos coñezan o repertorio tradicional de tuna e a música da época da novela homónima de Pérez Lugín**

*Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018 (Vía Láctea Comunicación).*- No marco dos actos conmemorativos do 25º aniversario do Museo Casa de la Troya, a agrupación musical da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, “Trojanos de Compostela”, gravou o seu primeiro CD baixo o título *Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya* a finais do pasado ano. A mediados de xullo presentábase nun concerto celebrado no Teatro Principal de Santiago.

Co apoio da Deputación da Coruña, a Asociación está a distribuír agora o disco entre os colexios galegos, en particular nos da área de Santiago e do seu contorno, así como en diversos institutos e bibliotecas municipais (Ames, Arteixo, Arzúa, Boqueixón, Brión, Carballo, A Coruña, Dodro, Melide, Negreira, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Santiago, Teo, Val do Dubra e Vedra). A finalidade é que entre a formar parte das bibliotecas ou mediatecas dos centros educativos e esta música poida ser coñecida e empregada polo alumnado.

Este proxecto musical poñíase en marcha hai cinco anos, promovido pola Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, a entidade que xestiona o Museo Casa de la Troya. Tratábase de recuperar e divulgar músicas vencelladas á novela homónima de Alejandro Pérez Lugín -*La Casa de la Troya*- e ao tempo no que transcorre a historia que relata. Ademais, o disco inclúe pezas do repertorio da Tuna Compostelana.

A Asociación Cultural-Musical de Antiguos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya constituíuse en 1979. Entre os seus principais obxectivos destaca o de atender á consevación, mantemento e promoción do Museo Casa de la Troya ([www.lacasadelatroya.gal](http://www.lacasadelatroya.gal)), xestionar as visitas guiadas e o desenvolvemento de actividades culturais no museo, ademais de investigar e divulgar a actividade musical relacionada co tempo da novela *La Casa de la Troya* a través da creación do grupo de pulso e púa *Trojanos de Compostela* en 2013. O grupo promove a música para instrumentos de corda pulsada que tocaban as tunas en Santiago a finais do século XIX e comezos do XX, lembrando ao mesmo tempo a figura de compositores galegos da época.

#### **Visitas guiadas polo museo para escolares**

O Museo Casa de la Troya, que permanece pechado durante os meses de inverno, abrirá as súas portas, como vén sendo habitual, na Semana Santa. A Asociación está a traballar para organizar novas visitas guiadas para escolares, que comezarán previsiblemente no mes de abril, e que teñen un custo de 1 € por alumno. Tal como declara o presidente da Asociación e director do museo, **Benigno Amor**, “trátase dunha experiencia considerada moi interesante polos centros educativos que xa teñen visitado a casa, posto que permite realizar unha viaxe no tempo e coñecer como era a vida universitaria compostelá de finais do século XIX”.